



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

E ti que i-o tés  
e i-eu que cho vin  
praquel buratiño  
/: que tiña o mandil. :/  
E ti que i-o tés  
e i-eu que cho vin.

Esta noit'hei d'ir aló-e  
terá-las pernas lavadas  
que ch'hei de dormir entr'elas  
anque morr'a puñeladas.

E ti que i-o tés...

/: Nena que vénde-las peras  
cantas che mandaron dar-e? :/  
Para ti, meu queridiño,  
Non mas mandaron contar-e.

E vaite d'ahí,  
xa podes marchar,  
que na miña vida  
/: che volvo a falar. :/  
E vaite d'ahí  
xa podes marchar

Miña nai doum'unha tunda  
co aro dunha peneira:  
“ Miña nai, ¿non tén verghonza  
da xente que ven da feira? ”

E ti que i-o tés...

Unha nena nunha fonte  
por unha berza bebía;  
a berza 'staba rachada,  
/: tod'a augha lle vertía. :/  
Ai lala...

E ti que i-o tés...



/: Miña nai doum'unha tunda  
ca faldra dunha camisa: :/  
“ !Miña nai, teña verghonza  
da xente que vén da misa! ”

E ti que i-o tés...